



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA CORPORACIÓN CELEBRADA  
POLO PLENO O 11 DE SETEMBRO DE 2019.**

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTA:**

María Inés Monteagudo Romero (PP)

**CONCELLEIROS/AS:**

D. José Vázquez Rama (PP)  
D<sup>a</sup> María del Carmen González García (PP)  
D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)  
D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño (PSOE)  
D<sup>a</sup> María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)  
D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)  
D. Ramón Lago Tajés (PSOE)  
D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres (CxG)  
D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)  
D<sup>a</sup> María Lago Lestón (BNG)  
D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia D. Jose Manuel Quintela Fernández,(CxG)

**INTERVENTOR**

D. Fernando Vicente Abraldes Rois

**SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup> María Ofir Aboy García

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e trinta minutos, do día de referencia reúnen en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria e urxente, asistidos de min, a secretaria xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

**ORDE DO DÍA**

**1º Ratificación da urxencia**

Intervén a señora alcaldesa da corporación, María Inés Monteagudo Romero para dicir que a urxencia ven dada a que o próximo día 13 de setembro ás 15 horas finaliza o prazo de presentación da segunda fase do Pos Adicional 2019 pregunta se hai algo que comentar sobre a ratificación da urxencia, a cal é aprobada por unanimidade dos membros presentes da corporación





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**2º Aprobación da solicitude de participación na 2ª Fase do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación da Coruña**

Intervén a señora alcaldesa da corporación dona María Inés Monteagudo Romero para leer a proposta que se presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación que é a seguinte;

1.- “Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
2ª Fase POS+ Adicional 1/2019			
Mellora das Infraestruturas Hidráulicas no Campo de San Ramón, Muros	219.789,38	140,97	219.930,35
<b>TOTAL</b>	<b>219.789,38</b>	<b>140,97</b>	<b>219.930,35</b>

Maior achega provincial asignada ao concello	396.708,93
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	176.919,55
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	219.789,38





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Segue a súa intervención a alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero que dí que xa na Xunta de Portavoces se tivo a posibilidade de ver o avance deste proxecto. Explica que houbo unha pequena modificación porque excedía do presuposto que se tiña.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para dicir que o primeiro é felicitar á Deputación da Coruña e a seu presidente Valentín González Formoso e aos compañeiros do psoc por esta nova achega ao concello de Muros, que todo o que veña fai falta, segue dicindo que eles xa na Xunta de voceiros apuntaban que pedirían que se recolleran todas as casas e parece ser que ao final do traxecto ao lado do Cristo de Pedra non se recolle, e queren pedir explícitamente e facer constar en acta que se recolla esa casa e si se pode facer esa pequena modificación que cree non supón cantidade importante ningunha, porque cree que son vinte metros ou pouco mais dende a casa ata o entronque e queren que se entronque esa casa tamén.

Intervén a voceira do grupo municipal de Compromiso por Galicia dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que lles parece ben a conexión de esa casa para que non quede ningunha sen conectar e polo demais non ten nada mais que dicir

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón para dicir que tamén coinciden nese tema como xa dixeron na xunta de voceiros. Parécelles que o proxecto si está ben feito, que non se van a opoñer nesta votación, porque entenden que se vota participar na





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

achega da diputación, pero igual que como xa dixeron no pleno de decembro creen que o concello ten unha débeda moi grande ca parroquia de Abelleira que está sen saneamento e necesítase urxentemente comenzar con el. Nese pleno de decembro a señora Monteagudo agora Alcadesa que pedía que se fixera a recollida de pluviais e agora volve a quedar fora a parroquia de Abelleira. Creen que se debe mirar dunha vez para Abelleira.

Intervén a alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que si técnicamente é posible enganchar esa vivenda non vai a haber ningún problema para facelo e polo tanto o valoramos e eles encantados de poder facelo.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para preguntar si se vai a votar esa corrección ao que lle contesta a alcaldesa que si técnicamente é posible si.

Intervén co permiso de presidencia a secretaria da corporación, María Ofir Aboy García para dicir que agora se aproba participar nesta fase do POS adicional co proxecto que está enriba da mesa e se é necesario modificar o proxecto, nun momento posterior a esta aprobación, para poder incluír a conexión da vivenda, e cos informes preceptivos necesarios se farán as modificacións pertinentes, que se consideren oportunas, polos cauces procedimentais establecidos ao efecto.

Intervén a alcaldesa para dicir que a corporación votará a proposta da alcaldía que está enriba da mesa, e se e posible técnica, xurídica e economicamente se incluír a incorporación que se entende, non é unha modificación sustancial do proxecto, da conexión da vivenda que agora non está contemplada no proxecto de acordo ca proposición realizada polo grupo municipal socialista.

Rematadas as intervencións o pleno da corporación por unanimidade dos membros presentes acorda:

1.- “Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles  2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Mellora das Infraestruturas Hidráulicas no Campo de San Ramón, Muros	219.789,38	140,97	219.930,35
<b>TOTAL</b>	<b>219.789,38</b>	<b>140,97</b>	<b>219.930,35</b>

Maior achega provincial asignada ao concello	396.708,93
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	176.919,55
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	219.789,38

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Por unanimidade dos membros da corporación, se adopta como complemento ao acordo plenario anterior o seguinte acordo, a proposta do grupo municipal socialista e unha vez incluído por todos os membros da corporación na orde do día:

Único: Se incluírá a conexión da vivenda que queda fora do proxecto que se ten aprobado, se tal conexión pode ser incluída no proxecto, de acordo cos informes técnicos, económicos ou xurídicos que sexan necesarios facer ao respecto.

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as catorce horas e corenta e cinco minutos , de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria Xeral.

Documento asinado electrónicamente

